

### **CIRCULAR 10-2017**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA EN RUTA**

A Pobra, 12 de febreiro do 2017

**Art.1)** A Delegación da F.G.A. en Santiago organizará o Campionato de Galicia de Marcha en ruta que terá lugar en A Pobra o vindeiro domingo **día 12 de febreiro do 2017**.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2016/17) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.*

**Art.3** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 7 de febreiro.**

**Art.4).** Os atletas deberán comunicar retirar o seu dorsal ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado.

**Art.5).** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría (benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa, absoluto e veterán) sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.6).** Os atletas deberán utilizar os dous dorsais de forma totalmente visible no peito e por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación de cada dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art. 7)** Os atletas deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta até 10 minutos antes da saída de cada proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



**Art.8).** Horario e distancias do Campionato:

HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
11:00	Benxamín	Homes e mulleres	1 Km
11:15	Alevín	Homes e mulleres	2 Km
11:35	Infantil	Homes e mulleres	3 Km
12:00	Cadete	Homes e mulleres	5 Km
12:40	Xuvenil-Junior	Homes e mulleres	10 Km
12:40	Promesa-Senior-Veteranos	Homes e mulleres	10 Km

Aplicarase a regra do Pit Lane incluíndo a categoría cadete.

**Art.9)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

**Art.10)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 19 de xaneiro de 2017